



A Fundación de interese universitario Empresa-Universidade Galega (FEUGA) cumpre os seus obxectivos, ademais doutros xeitos, facilitando a presenza dos alumnos nas empresas co fin de mellorar a súa formación e adquisición de experiencia en actividades profesionais.

Nos novos plans de estudio elaborados a partir do Real Decreto 1497/87 contéplase a posibilidade do recoñecemento de créditos de libre configuración polas prácticas realizadas en empresas.

Xa que coincide a formulación xeral das citadas prácticas en empresas convocadas a través de FEUGA, coas convocadas en xeral pola Universidade de Santiago de Compostela e xa recoñecidas para a súa aplicación nos plans de estudio como créditos de libre configuración, a Xunta de Goberno, na súa sesión do 22 de decembro de 1998 acadou o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.-As prácticas en empresas convocadas a partir do curso 1998-99 pola Fundación Empresa Universidade Galega (FEUGA) poderán ser imputadas en calquera titulación como créditos de libre configuración.

SEGUNDO.- Con este fin, será necesaria a acreditación da superación das prácticas mediante certificación oficial, segundo o modelo aprobado pola Secretaría Xeral da Universidade, sen prexuízo de calquera outra acreditación que se lles puidera expedir ós alumnos.

O recoñecemento farase conforme á ratio horas/créditos establecida con carácter xeral, e é de aplicación tamén ós posibles límites de créditos a recoñecer.

TERCEIRO.- A Fundación Empresa-Universidade Galega comunicará ó Rectorado a relación de alumnos seleccionados con anterioridade ó comezo das prácticas.

DILIXENCIA: Para facer constar, antes da aprobación da acta correspondente, que a Xunta de Goberno da Universidade, na súa sesión do día 22 de decembro de 1998, **acordou** aproba-lo presente **“RECOÑECEMENTO DAS PRÁCTICAS DE FEUGA COMO CRÉDITOS DE LIBRE CONFIGURACIÓN”**. Co Visto e Prace do Excmo. e Magfco. Sr. Rector.


Santiago de Compostela, 28 de decembro de 1998

Vº e Pr
O RECTOR
(Por R.R. do 18/12/98)
O Vº DE PROFESORADO



Cástor Méndez Paz

O SECRETARIO XERAL



Gumersindo Guinarte Cabada

XA0200